




Área / Unidad GESTION DE DEPORTES DJ1000 VGC	Documento 21115I02X4	
Código de verificación  2R5S 3C3W 216P 5P05 0OEI	Expediente 211/2021/550	
	Fecha 07-07-2021	

DECRETO

Tendo en conta o informe de data 06.07.2021 do Servizo Municipal de Deportes e en virtude das competencias que me atribúe a lexislación vixente, resolvo:

1º.- Aprobar as bases da convocatoria de asignación de usos das instalacións deportivas xestionadas directamente polo Concello, e as da Universidade da Coruña (UDC) e a Deputación Provincial da Coruña cuxos usos ten cedidos o Concello en virtude de convenio de colaboración asinado entre ambas entidades, para adestramentos durante a tempada 2021-2022, así como o Anexo I onde figuran as horas que se ofertan en cada instalación deportiva e o uso autorizado para cada unha.

2º.- Nomear, en aplicación do disposto no apartado 9.3 das devanditas bases, as seguintes persoas como compoñentes da mesa de avaliación das solicitudes:

Presidente: Fernando Pérez San Vicente, xefe do Servizo Municipal de Deportes. Na súa ausencia, actuará como suplente María Teresa Vázquez Portos, xefa do departamento do devandito Servizo.

Vogais: Luis Arias Barbeito e Antonio Pedraz Pollo, técnicos deportivos do Servizo Municipal de Deportes e directores das instalacións deportivas. No caso de ausencia dalgún dos técnicos deportivos actuará como suplente Pablo Castedo, xefe da sección de Deportes.

Secretaria: Paula Solórzano Prieto, auxiliar do Servizo Municipal de Deportes

A Coruña, a data de sinatura electrónica do documento

A Alcaldesa p.d.

A concelleira delegada de Deportes (BOP número 124, do 03.07.2019)

Mónica Martínez Lema



BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA DE ASIGNACIÓN DE USOS DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS PARA ADESTRAMENTOS DEPORTIVOS E ACTIVIDADE FÍSICA DURANTE A TEMPADA 2021-2022

1. OBXECTO

Estas bases teñen por obxecto regular as condicións polas que a Concellaría de Deportes vai proceder ao reparto das horas de uso das instalacións deportivas municipais, xa sexan instalacións propias ou cedidas ao Concello da Coruña mediante un convenio, para a realización de actividade física ou actividade deportiva na modalidade de adestramento, por parte das entidades detalladas no punto 2 que desexen solicitar horas para ese fin.

Debido a que na cidade da Coruña hai un número elevado de entidades deportivas que non dispoñen de instalacións para realizar os seus adestramentos, a Concellaría de Deportes pretende, en base a unha solicitude previa, realizar un reparto do uso das horas libres semanais nas ditas instalacións entre todas as entidades deportivas interesadas. Para iso utilizarase un procedemento de concorrencia competitiva.

Ademais, existe unha demanda de uso das instalacións deportivas municipais por parte de sociedades privadas que aínda non sendo deportivas, necesitan instalacións para a realización de adestramentos deportivos e actividade física. Trátase de academias de formación que están orientadas á realización de probas físicas por parte do alumnado, xeralmente para o acceso aos corpos de Policía (Local, nacional ou autonómica), Bombeiros e Exército. As probas de acceso sóense realizar nun tipo de instalacións deportivas das que dispón o Concello da Coruña. A posibilidade de realizar os adestramentos nestas instalacións implica polo tanto un impulso por parte do Concello da Coruña para a consecución dun emprego na Administración Pública. Isto sen prexuízo de que, por tratarse as academias de formación de empresas privadas, deban pagar a taxa correspondente regulada na Ordenanza Fiscal número 15.

Corresponde ao Concello da Coruña, a través da Concellaría de Deportes, promover a práctica deportiva, como así establece entre as súas competencias propias a Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, no seu artigo 25.2.

A mesma competencia estalle recoñecida aos municipios pola Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.



A súa vez, a Lei 3/2012, do 21 de abril, do Deporte de Galicia establece no seu artigo 8 entre as competencias dos municipios:

- Fomentar, promover e difundir o deporte, especialmente en idade escolar.
- Construír, xestionar, ampliar e manter as instalacións deportivas de titularidade municipal, e no seu caso, a xestión e mantemento das de titularidade autonómica cuxo uso e xestión lle sexan cedidas.
- Velar pola plena utilización das instalacións deportivas da súa titularidade, procurar a participación das asociacións deportivas do seu ámbito municipal na optimización do uso destas e coidar a súa debida hixiene e seguridade.

En base a todas esas competencias, a Concellaría de Deportes é responsable de optimizar ao máximo o uso das instalacións deportivas municipais de tal forma que, no caso de que queden horas libres que non vaian ser utilizadas pola dita Concellaría de forma directa, deberá asegurarse o maior uso deportivo posible das instalacións por parte da cidadanía, entidades deportivas e outro tipo de entidades e asociacións.

A gran demanda destas instalacións dá lugar a que sexa necesario aprobar estas Bases e regular de forma ordenada o procedemento de solicitude das instalacións así como a prelación á hora de repartir as horas semanais dispoñibles entre os diferentes solicitantes.

Coa aplicación do procedemento de concorrencia regulado nestas Bases repartirase practicamente a totalidade de horas semanais dispoñibles, unha vez descontadas as de uso propio por parte da Concellaría de Deportes. Sen embargo, quedará garantido un número de horas semanais sen repartir para que calquera interesado/a poida acudir a un rexistro dependente da Concellaría de Deportes e alugar esas horas de forma libre.

Mediante este sistema asignaranse horas nas instalacións deportivas municipais exclusivamente para adestramentos e actividade física para a temporada 2021-2022.

Non se ofertarán as horas das instalacións que sexan necesarias para a realización de competicións. No caso de que durante a tempada 2021-2022 deban realizarse competicións en horas que lle están asignadas a calquera dos suxeitos beneficiarios desta convocatoria, deberán deixar as horas libres para realizar as competicións sen ter dereito a ningún tipo de compensación.

2. SUXEITOS

Poderán solicitar mediante este procedemento o uso das instalacións deportivas municipais os seguintes suxeitos:



1. Entidades deportivas con sede social na cidade da Coruña definidas polo artigo 40 da Lei do Deporte de Galicia: clubs deportivos, agrupacións deportivas escolares, seccións deportivas e federacións deportivas, todas elas sen ánimo de lucro. Terán prioridade á hora de realizar o reparto aquelas entidades que non dispoñan de instalación propia ou cedida de forma gratuíta.
2. Deportistas individuais con licenza federativa empadroados na cidade da Coruña que precisen das instalacións deportivas municipais para realizar adestramentos. Considérase deportista individual aquela persoa que practique unha modalidade deportiva de carácter individual. Ten a consideración de deporte individual a modalidade deportiva que sexa practicada por un ou dous deportistas como máximo en función do seu regulamento.
3. Sociedades Anónimas Deportivas con sede social na cidade da Coruña, sempre e cando non dispoñan de unha instalación propia ou cedida para adestramentos e realicen as súas competicións na cidade da Coruña. Establécese como requisito que a SAD realice a maior parte das súas competicións na instalación que solicita para o adestramento. Terán prioridade no reparto aquelas SAD que participen en ligas profesionais de ámbito nacional debido ao recoñecemento que iso implica para a cidade da Coruña.
4. Academias de formación que, aínda tendo ánimo de lucro, precisan dunha instalación deportiva municipal dirixida ao adestramento deportivo do seu alumnado por non existir na cidade da Coruña instalacións deportivas que contén coas condicións necesarias para ese tipo de adestramento e sempre e cando o adestramento vaia dirixido a participar en probas selectivas de acceso aos corpos de Policía (Local, nacional ou autonómica), Bombeiros e Exército.

O reparto de horas para estas entidades farase entre as horas que queden libres unha vez se cubra a demanda total de horas das entidades deportivas da cidade.
5. Excepcionalmente poderánselle asignar horas para adestramentos nas instalacións deportivas municipais a entidades deportivas, deportistas individuais, SAD e academias de formación que non teñan sede social ou delegación na cidade da Coruña, sempre e cando queden horas sobrantes nesta convocatoria ou soliciten horarios para as que non existe demanda por parte de entidades ou deportistas da cidade.

O reparto de horas entre todos os solicitantes non implica o uso gratuíta das instalacións deportivas. En cada caso haberá que atender ao establecido na Ordenanza Fiscal número 15 Reguladora da Taxa pola prestación de servizos en Instalacións deportivas municipais do Concello da Coruña.

3. RÉXIME XURÍDICO E NORMATIVA APLICABLE

Tanto o reparto de horas como o uso das instalacións deportivas municipais deberá realizarse respectando as Bases reguladoras desta convocatoria e, en todo caso, a normativa vixente.



En concreto:

- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, da administración local de Galicia
- Lei 33/2003, del 3 de novembro, de patrimonio das administracións públicas.
- Real Decreto 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o regulamento de bens das entidades locais.
- Lei 10/2017, do 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia
- Ordenanza Fiscal número 15 do Concello da Coruña, reguladora da taxa pola prestación de servizos e polo uso das instalacións deportivas municipais.
- Normas de uso das instalacións deportivas municipais aprobadas pola Xunta de Goberno Local 20 de xullo de 2007.
- Para o caso das instalacións cedidas pola Universidade da Coruña ao Concello da Coruña deberán respectarse as normas de uso propias desas instalacións.

A utilización dunha instalación deportiva municipal por unha entidade para un uso particular considérase a efectos legais unha utilización privativa dun ben de dominio público. Esta preferencia no uso con respecto aos demais con carácter xeral está suxeita ao pago dunha taxa.

A Ordenanza Fiscal número 15 do Concello da Coruña regula a taxa que se debe pagar por dita utilización. A ordenanza distingue entre actividade física e actividade deportiva, de acordo coa definición dada pola Lei do Deporte de Galicia.

Na Ordenanza establécense tarifas que deberán pagarse no caso de que se solicite o uso dunha instalación para realizar algún tipo de actividade física. Non hai tarifas reguladas para a realización de actividades deportivas ou exercicio físico regulamentado, xa sexan adestramentos ou competicións cuxo principal obxectivo é a participación e/ou consecución dun resultado deportivo en competicións desenvolvidas no ámbito federativo ou nas competicións recoñecidas pola Administración Deportiva.

4. INSTALACIÓNS OBXECTO DA CONVOCATORIA

No Anexo I que se achega con estas Bases inclúese un cadro onde se enumeran todas as instalacións deportivas municipais onde se permitirán realizar adestramentos e o tipo de actividade permitida en cada unha delas, co fin de dar información sobre as horas ofertadas nesta convocatoria.

As instalacións están codificadas co fin de facilitar a inscrición en liña. Deberá atenderse a ese código para cubrir o formulario de solicitude.

En todas esas instalacións existen na actualidade horas dispoñibles que se poden ofertar para uso deportivo. Non obstante, a dispoñibilidade pode cambiar ao longo do ano para aumentar a oferta de programación propia ou ben para dar cobertura a competicións deportivas que se teñan que realizar nas instalacións. Do mesmo xeito poderase limitar o



uso das instalacións concedidas de forma temporal como consecuencia da realización de obras ou por motivos sanitarios.

A Concellaría de Deportes ten catalogadas as instalacións en función do deporte que se pode practicar en cada unha delas.

As entidades que estean interesadas en solicitar horas de uso nas instalacións deportivas municipais enumeradas no Anexo I deberán ter en conta antes de presentar a súa solicitude a modalidade deportiva permitida en cada instalación.

Cada entidade deportiva deberá solicitar as instalacións e horas que estime necesarias en función da modalidade deportiva que practiquen e para o adestramento nese tipo de actividade deportiva en concreto.

O Servizo Municipal de Deportes propondrá a inadmisión a trámite daquelas solicitudes que pretendan levar a cabo a práctica de actividades distintas ás indicadas no Anexo I para cada instalación. Así mesmo o propio Servizo propoñerá motivadamente a desestimación das solicitudes de uso daquelas instalacións que polo plantexamento particular dese uso entrañen riscos ou molestias a outras persoas, sexan deportistas ou usuarias das instalacións.

5. RESERVA DE HORAS

Os usos distribuiranse sobre os horarios que estean dispoñibles unha vez feitas as correspondentes reservas en función das:

- ✓ Necesidades do propio Servizo Municipal de Deportes para o desenvolvemento das actividades organizadas directamente, ou para outros programas municipais de apoio a entidades sociais.
- ✓ Horas que sexan necesarias en aplicación dos acordos cos centros educativos que utilizan as instalacións municipais para desenvolver as actividades físicas do alumnado que está cursando a ensinanza obrigatoria e, no seu caso, coas necesidades de utilización pola UDC ou do IES Puga Ramón.
- ✓ Garantir que van quedar sen distribuír na presente convocatoria como mínimo dúas horas semanais en cada instalación tipo, co fin de que por orde de chegada poida ser usada por calquera entidade, sempre en cando o solicitante reúna todas as condicións e teña formalizada a correspondente reserva ou aluguer no seu caso.

6. REQUISITOS PARA PODER PARTICIPAR NO PROCEDIMENTO

Deberán cumprirse os seguintes requisitos á hora de presentar a solicitude:

6.1. No caso de actividade deportiva:

- a. Que se pretendan realizar actividades deportivas de adestramento cuxo principal obxectivo é a participación e/ou consecución dun resultado deportivo en competicións desenvolvidas no ámbito federativo ou nas competicións recoñecidas pola Administración Deportiva.

Polo tanto, non se concederán horas para equipos ou deportistas individuais que non estean destinados a adestramentos para competición, nin se terán en



conta para o cálculo da puntuación establecida no punto 8 o número de licenzas federativas correspondentes aos equipos dunha entidade deportiva que non participen en competicións.

- b. Que tales actividades teñan como finalidade fomentar e promocionar a práctica do deporte, xerando hábitos de práctica deportiva e incrementando o número de practicantes.
- c. Que a actividade se realice por unha entidade ou club deportivo con sede social ou delegación no termo municipal da Coruña e cuxo adestramento e/ou competicións teñan como sede esta cidade.
- d. No caso de entidades deportivas, á data da proposta de resolución, deberán estar inscritas (ou en trámite de inscrición) no REMAC cos datos actualizados.

A inscrición no REMAC será comprobada antes da proposta de resolución definitiva. No caso de que se presente algunha entidade que non cumpra os requisitos anteriores poderá excluírse directamente do procedemento e as horas propostas inicialmente para esa entidade serán ofertadas entre os demais solicitantes.

6.2 No caso de actividade física:

- a. Que a actividade que se pretenda desenvolver nas instalacións deportivas teña por finalidade a realización de exercicio físico e/ou a ocupación activa do tempo de lecer e favorecer o desenvolvemento integral das persoas.
- b. Que a actividade a se realice por algunha das entidades numeradas no punto 2 desta convocatoria.

7. CRITERIOS DE REPARTO

Como norma xeral distribuiranse horas de luns a venres entre as horas que non estean reservadas pola Concellaría de Deportes para o desenvolvemento das súas Escolas Deportivas Municipais e actividades. En determinadas instalacións poderanse ofertar ademais horas en sábados e domingos.

A relación de horas ofertadas recóllese no Anexo I que se achega con esta convocatoria.

Non se ofertarán as horas que sexan necesarias para a realización de competicións desenvolvidas no ámbito federativo ou nas competicións recoñecidas pola administración deportiva. Do mesmo xeito, no caso de que se outorgasen horas de uso que fosen necesarias puntualmente para a realización dese tipo de competicións, o beneficiario deberá ceder esas horas e non terá dereito a percibir ningún tipo de compensación.

Non se lle asignarán, mediante esta convocatoria, horas a un club ou entidade para a realización de actividades deportivas que non teñan que ver co obxecto do propio club ou entidade.

A asignación de horas farase por instalación deportiva e en función do tipo de actividade permitida en cada unha delas.



O reparto de horas de uso de cada instalación deportiva farase en base aos seguintes criterios:

- a. Como norma xeral prima a regra de que todos os clubs e entidades deportivas con sede social ou delegación na cidade da Coruña deberían obter como mínimo 1 hora para adestramentos. Se fose necesario, co fin de cumprir con esta regra, a Mesa de Avaliación poderá dividir instalacións deportivas e modificar o Anexo I para realizar o reparto. A modificación do Anexo I debe quedar motivada na Acta.

No caso de que fose necesario, a Mesa poderá propoñer concederlle horas a unha entidade deportiva fora do horario solicitado. Nese caso, deberase aceptar expresamente pola entidade.

Se fose necesario poderanse asignar horas quincenais ou mensuais.

- b. Asignaráselle horas a unha entidade sempre e cando as solicite para o adestramento dun deporte permitido nesa instalación e que ademais coincida co obxecto polo que está constituído o club ou entidade.
- c. En canto ao número de horas asignado, intentarase asignar tantas horas como sexa posible dentro das solicitadas. O número de horas asignado poderá ser inferior no caso de que haxa moitas solicitudes para ese mesmo horario. Nese caso haberá que atender aos criterios de baremo e ao acordado pola Mesa de Avaliación.
- d. A asignación das horas de uso por parte de Mesa de Avaliación poderase facer atendendo ás categorías dos equipos e idades dos deportistas.
- e. No caso de que haxa dúas ou mais solicitudes coa mesma preferencia, asignaranse as horas intentando conseguir equidade entre os solicitantes.

Para iso tomarase como referencia a valoración obtida por cada solicitante en función do baremo establecido no seguinte punto. Os criterios de baremación utilizaranse exclusivamente para coñecer a envergadura ou importancia do club ou entidade. A maior puntuación enténdese que se trata dun club de maior envergadura e que polo tanto precisa mais número de horas para os adestramentos.

Intentarase que a igualdade de puntuación se consigan o mesmo número de horas. Sen embargo, no caso de que en base a ese criterio de reparto fose quedar algún club ou entidade deportiva sen horas, a Mesa de Avaliación poderá variar o criterio de reparto co fin de outorgarlle algunha hora ao club ou entidade que obtivo menor puntuación. Nese caso debe quedar claramente motivado na Acta.

- f. Tomarase como referencia o número de horas semanais que se utilizaron na tempada anterior para adestramento nas instalacións deportivas municipais co fin de non prexudicar a ningunha entidade no reparto de horas, de tal forma que poidan continuar nesta tempada de forma similar aos usos que viñan disfrutando no ano anterior, sempre e cando non se produza un agravio comparativo entre entidades e sempre e cando se respecten as peticións dos clubs ou entidades novas e que polo tanto non dispoñen de horas de uso.



Para isto, a entidade deberá indicar na súa solicitude cantas horas semanais estivo utilizando na tempada 2020/2021 para adestramento.

- g. Poderase realizar un cálculo proporcional para repartir as horas entre unha ou varias entidades tomando como referencia o número de puntos obtidos no baremo e o número de horas dispoñibles nas que existe conflito.
- h. As entidades que non viran atendidas a totalidade das horas solicitadas poderán, previo consentimento, participar na distribución de horas en outras instalacións similares.
- i. Por último, para a distribución das horas teranse en conta o número de equipos de cada entidade deportiva na mesma categoría, de tal forma que se intentará que dúas entidades deportivas que teñan equipos nas mesmas categorías obteñan polo menos 1 hora para adestrar algún dos equipos desa categoría. Para iso, na solicitude deberase indicar o número de equipos cos que conta a entidade e as categorías dos equipos.

8. PUNTUACIÓN EN CASO DE EMPATE (BAREMO)

No caso de que se elixan as mesmas horas e os mesmos días nunha instalación deportiva municipal por parte de dúas ou máis entidades, poderase utilizar o baremo establecido neste punto para establecer unha orde de prelación entre os solicitantes.

Non obstante, a puntuación obtida pola aplicación deste baremo non é vinculante para obter o total de horas solicitadas podendo a Mesa de Avaliación, dentro da potestade discrecional que lle outorga a lei, realizar un reparto equilibrado entre varios solicitantes atendendo as circunstancias particulares de cada caso.

A puntuación total obtida por cada entidade será a resulta de sumar cada un dos puntos que lle correspondan por estes criterios:

Os criterios serán distintos en función de se se solicita o uso para a realización de adestramentos federados ou se se solicita o uso para actividade física de formación:

8.1 ADESTRAMENTOS FEDERADOS

8.1.1 En función de se o adestramento se vai realizar por un equipo ou por un deportista individual, e co fin de optimizar o uso das instalacións de tal forma que se utilicen polo maior número de persoas posibles:

- a. Deporte individuais: 8 puntos
- b. Deporte por equipos: 10 puntos

8.1.2 En función do nivel da competición (os puntos son acumulativos):

- a. Competición local: 5 puntos



- b. Competición provincial: 6 puntos
- c. Competición autonómica: 10 puntos
- d. Competición nacional: 15 puntos
- e. Competición internacional: 20 puntos

8.1.3 En función de se a entidade compite nunha liga profesional de ámbito nacional e se esas competicións teñen como sede as instalacións deportivas municipais (sempre e cando a solicitude faga referencia á mesma instalación na que compite):

- a. Compite nunha liga profesional de ámbito nacional: 10 puntos.
- b. Non compite nunha liga profesional de ámbito nacional: 0 puntos

A título de exemplo considéranse ligas profesionais, entre outras, as seguintes:

Liga Santander (FÚTBOL – PRIMEIRA DIVISIÓN MASCULINA)

Liga Smartbank (FÚTBOL – SEGUNDA DIVISIÓN MASCULINA)

Liga Iberdrola (FÚTBOL – PRIMEIRA DIVISIÓN FEMENINA)

ACB (BALONCESTO – PRIMEIRA DIVISIÓN MASCULINA)

LEB ORO (BALONCESTO – SEGUNDA DIVISIÓN MASCULINA)

ASOBAL (BALONMANO – PRIMEIRA DIVISIÓN MASCULINA)

LNFS (FÚTBOL SALA – PRIMEIRA DIVISIÓN MASCULINA)

OK LIGA (HOCKEY SOBRE PATINES – PRIMEIRA DIVISIÓN MASCULINA)

8.1.4 En función do número total de licenzas federativas que compitan (competición oficial e regular): ata un máximo de 40 puntos.

Outorgaranse 0,05 puntos por cada licenza federativa debidamente acreditada, ata un máximo de 40 puntos.

Nota: as licenzas federativas que se terán en conta son as que teñan en vigor á data de presentación do formulario.

8.1.5 En función do número de licenzas federativas femininas que compitan (competición oficial e regular): ata un máximo de 20 puntos

Outorgaranse 0,02 puntos por cada licenza feminina federativa debidamente acreditada, ata un máximo de 20 puntos.



Nota: as licenzas federativas que se terán en conta son as que teñan en vigor á data de presentación do formulario.

8.1.6 En función das licenzas federativas de menores de idade que compitan (competición oficial e regular): ata un máximo de 20 puntos.

Outorgaranse 0,02 puntos por cada licenza de menores federativa debidamente acreditada, ata un máximo de 20 puntos

Nota: as licenzas federativas que se terán en conta son as que teñan en vigor á data de presentación do formulario.

8.1.7 En función do número de socios da entidade solicitante: ata 10 puntos.

Ata 50 socios: 2 puntos

De 51 a 100 socios: 4 puntos

De 101 a 200 socios: 6 puntos

A partir de 201 socios: 10 puntos

8.1.8 En función de se a entidade dispón dunha instalación deportiva para realizar adestramentos:

No caso de non dispoñer de ningún tipo de instalación deportiva propia ou cedida de forma gratuíta: 10 puntos.

No caso de dispoñer na actualidade de unha instalación deportiva en réxime de aluguer: 5 puntos.

No caso de dispoñer na actualidade de unha instalación deportiva propia ou cedida de forma gratuíta: 0 puntos.

8.1.9 Convenio nominativo co Concello da Coruña:

No caso de ter concedido un convenio nominativo por parte do Concello da Coruña destinado ao fomento do deporte no que se poida incluír como gasto subvencionable o aluguer de unha instalación deportiva: 0 puntos.

No caso de non ter concedido un convenio nominativo por parte do Concello da Coruña destinado ao fomento do deporte: 2 puntos.

8.2 ACTIVIDADE FÍSICA DE FORMACIÓN

8.2.1 En función da sede social ou delegación da academia de formación:

Se ten sede social ou delegación na cidade da Coruña: 20 puntos.

Se non ten sede social ou delegación na cidade da Coruña: 0 puntos.



8.2.2 En función do número de alumnos e alumnas da academia que van recibir a formación deportiva na instalación solicitada:

Ata 10 alumnos/as: 2 puntos

De 11 a 20 alumnos/as: 5 puntos

De 21 a 30 alumnos/as: 10 puntos

Mais 31 alumnos/as: 15 puntos

9. PROCEDEMENTO

O procedemento polo que se lle distribuirán as horas de utilización privativa das instalacións deportivas municipais ás entidades solicitantes será o de concorrencia competitiva, mediante o cal se pretende garantir o reparto mais equitativo posible entre os/as solicitantes que presenten características similares.

A instrución do procedemento corresponderalle ao Servizo Municipal de Deportes, e a resolución correspóndelle á concelleira de Deportes, por delegación da Xunta de Goberno Local.

9.1 Presentación de solicitudes e prazo

As entidades deberán solicitar as instalacións e horarios que se axusten ás súas necesidades, atendendo á modalidade deportiva que se pode practicar en cada instalación e ao horario ofertado nesta convocatoria de acordo co Anexo I.

O formulario de solicitude permite solicitar ata 5 opcións diferentes. No caso de que unha entidade o considere necesario poderá enviar varios formularios de solicitude.

Na solicitude deberá especificarse **(SEMPRE CON LETRAS MAIÚSCULAS E SEN ACENTOS)**:

- a. Espazo solicitado: non se poñerá o nome do espazo senón o código asignado no Anexo I.
- b. Frecuencia: enténdese por frecuencia os días da semana que son necesarios para realizar á actividade.
- c. Horario: enténdese por horario as horas do día no que a entidade estaría disposta a realizar a actividade.
- d. Categoría para o que se solicitan horas. No caso de que solicite ese horario para todos os equipos ou grupos deberán indicalo como segue "TODAS AS CATEGORÍAS".
- e. Número de equipos desa categoría.

As solicitudes presentaranse a través da páxina web municipal (www.coruna.gal/deportes) no apartado correspondente á Convocatoria de Usos das Instalacións Deportivas Municipais. Cubrirase un formulario en liña onde se indicarán todos os datos solicitados.



Esta solicitude terá o carácter de preinscrición.

Os datos aportados na solicitude deberán axustarse á realidade e poder probarse no caso de que o Servizo Municipal de Deportes requira a documentación que sexa necesaria.

No caso de que en algún momento do procedemento se observe que se aportaron datos falsos co fin de obter un maior número de horas, o Servizo Municipal de Deportes poderá propor que se revoque o uso outorgado inicialmente.

No caso de que no transcurso do procedemento se dean circunstancias que alteren os datos facilitados, a entidade debe poñelo en coñecemento do Servizo Municipal de Deportes o antes posible.

A presentación da solicitude realizarase cubrindo o formulario online no prazo de QUINCE (15) DÍAS NATURAIS desde o día seguinte á publicación da convocatoria na páxina web municipal de Deportes.

Publicarase na web de Deportes os días exactos nos que transcorre o prazo. O último día, ás 23:59 horas, pecharase o formulario.

As solicitudes presentadas fóra de prazo non se terán en conta para resolver esta convocatoria. Non obstante, poderán ser tidas en conta no caso de que queden horas dispoñibles ao longo do ano.

Poderán presentar solicitudes as entidades enumeradas no punto 2 destas Bases, onde deberán ordenar as preferencias de días e horarios para adestrar.

9.2 Información pública e presentación de documentación

Logo de finalizar o prazo de presentación das solicitudes, publicarase a listaxe cos datos extraídos das solicitudes na páxina web de Deportes e abrirase un prazo de 5 días naturais para formular alegacións.

Do mesmo xeito, en caso de dúbida con respecto á información facilitada no formulario, o Servizo Municipal de Deportes poderá requirir a documentación xustificativa dos datos no mesmo prazo de 5 días naturais.

Transcorrido ese prazo de 5 días naturais, que se contará a partir do día seguinte da publicación da listaxe, non se poderán realizar alegacións nin subsanacións ás solicitudes presentadas.

9.3 Resolución provisional

Unha vez pechado o prazo e recibidas todas as solicitudes realizarase unha valoración das mesmas, a comparativa entre os diferentes tipos e formularase unha proposta de resolución provisional coa asignación de horas de uso.

Para isto reunirase a Mesa de Avaliación e levantarase Acta.

A Mesa de Avaliación deberá atender aos criterios establecidos nos puntos 7 e 8 para realizar a súa proposta de asignación de horas de uso.



A **Mesa de Avaliación** das solicitudes será nomeada pola concelleira de Deportes, e estará composta por:

Presidente/a: un técnico ou técnica de Administración Xeral de grupo A pertencente ao Servizo Municipal de Deportes.

Vogais: dous técnicos deportivos de grupo A pertencentes ao Servizo Municipal de Deportes.

Secretario/a: unha persoa pertencente ao Servizo Municipal de Deportes

9.4 Publicación da proposta de resolución provisional, alegacións e presentación de documentación

A proposta de resolución provisional pola que se distribúen as horas de uso das instalacións deportivas será publicada para coñecemento xeral na páxina web de Deportes (www.coruna.deportes.es), no taboleiro de edictos do Concello da Coruña, e nos taboleiros de anuncios do Servizo de Deportes (Palacio dos Deportes de Riazor, Cidade Deportiva da Torre e Polideportivo do Barrio das Flores) e no teléfono de información gratuíta 010.

Contra a proposta de resolución provisional poderanse interpoñer as alegacións que se estime oportunas no prazo de 10 días naturais que se contarán a partir do día seguinte ao de publicación da resolución.

As alegacións deberán presentarse por rexistro de entrada do Concello da Coruña, preferentemente por medios electrónicos.

Presentación de documentación:

Transcorrido o prazo de alegación, abrírase outro prazo de 10 días naturais para a formalización da solicitude.

Para iso a entidade que obtivera horas de uso nas instalacións deportivas municipais deberá aportar por Rexistro a seguinte documentación debidamente cumprimentada acreditativa de que cumpre as condicións que declarou na solicitude realizada en liña. .

Se non presentan a documentación no prazo establecido perderán o dereito a utilizar as horas concedidas.

A documentación que se deberá aportar será a seguinte:

- a) Modelo de solicitude da instalación para tempada 2021/2022 debidamente cumprimentada e asinada.
- b) **Anexo I e documentación acreditativa do número de licenzas federativas emitidas pola federación correspondente**, onde deberá distinguirse entre número total de licenzas, número de licenzas de menores e número de licenzas femininas e o nivel das competicións.
- c) No suposto de non estar inscrita no REMAC deberá acreditar que a súa inscrición está en proceso de trámite.
- d) No caso de que se vaian realizar adestramentos con persoas menores de idade deberán declarar responsablemente que están en posesión da certificación



negativa do Rexistro Central de delincuentes sexuais, conforme a Lei 26/2015, de 28 de xullo, (BOE 29-7-2015)

- e) Declaracións responsables acreditativas dos baremos establecidos no punto 8, así como os demais datos que lle poida requirir o Servizo Municipal de Deportes na proposta de resolución provisional.
- f) **Póliza de responsabilidade civil actualizada ao período de uso, nos termos esixidos no artigo 8 e na disposición transitoria terceira da Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia: A fotocopia da póliza e do recibo de pago actualizado ao período da tempada presentaranse nos devanditos Rexistros de Entrada.**
- g) Todas as persoas usuarias das actividades desenvolvidas polas entidades beneficiarias deberán ter garantida a asistencia sanitaria; en consecuencia deberán presentar unha declaración responsable, indicando que todas as persoas participantes (incluídas as aspirantes ou en período de proba) dispoñen de licenza federativa e/ou a necesaria póliza de accidentes de seguro que garanta a asistencia sanitaria en dita actividade e coa mesma cobertura que se de licenza federativa se tratase ás persoas participantes que non estean federadas (a documentación presentárase en calquera dos devanditos Rexistros de Entrada).

No caso de que se solicite o uso das instalacións deportiva para realizar actividade física, e polo tanto non federada, deberase presentar unha póliza de seguro de accidentes con cobertura sanitaria e o recibo de pago acreditativo do dito seguro que deberá estar vixente durante toda a tempada.

- h) Relación de traballadores/as do club ou entidade que acude ás instalacións deportivas municipais, xa sexan adestradores/as, coordinadores/as ou persoal de apoio, e documentación acreditativa de que se encontran de alta na Seguridade Social.
- i) Calquera outra documentación requirida polo Servizo Municipal de Deportes.

9.5 Resolución definitiva

O prazo para resolver todo o procedemento será de tres meses, que se contarán a partir da data en que finaliza o prazo para a presentación das solicitudes.

No caso de vencemento do prazo sen publicarse a resolución definitiva deberán entenderse desestimadas as solicitudes podendo interpoñerse o potestativo recurso de reposición ou no seu caso o recurso contencioso administrativo ante os Xulgados do contencioso administrativo desta cidade .

En tanto non se resolva o procedemento, continuarán os usos de instalacións deportivas que estiveran vixente ata ese momento.

9.6 Recursos

A resolución do procedemento poñerá fin á vía administrativa e contra a mesma cabe a interposición de recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses. Con todo, os



interesados poderán, con carácter potestativo, presentar recurso de reposición ante o propio órgano que ditou a resolución no prazo dun mes, e nese caso o prazo para a presentación do recurso contencioso administrativo empezará a contarse desde a notificación da resolución expresa do recurso, ou despois da súa desestimación presunta, que se producirá se no prazo dun mes non se resolve o recurso de reposición interposto.

9.7 Horas sobrantes

No caso de que, logo de realizar o reparto de horas de uso entre os solicitantes, sobrasen horas, publicarase unha listaxe coas horas dispoñibles na páxina web de Deportes co fin de que calquera entidade deportiva poida solicitarlas. A solicitude realizarase por Rexistro.

Esas horas tamén poderán ser obxecto de aluguer por parte da Concellaría de Deportes.

Poderán solicitar horas libres sobrantes todas as entidades deportivas que o desexen e non só as que teñen sede social ou delegación na cidade da Coruña.

10. RÉXIME DOS USOS CONCEDIDOS E NORMAS DE USO

a. A administración municipal quedará facultada para a modificación ou suspensión puntual dos usos finalmente adxudicados en función das necesidades da Concellaría de Deportes ou, no seu caso, da Universidade da Coruña e da Deputación da Coruña, sen que a entidade afectada teña dereito a ningunha compensación.

O Servizo Municipal de Deportes notificaralle tal circunstancia á entidade que teña concedidos eses usos ao correo electrónico facilitado na súa solicitude cunha antelación mínima de dous días, sempre que sexa posible, e indicárselle o motivo da suspensión.

No caso de que sexa necesario realizar calquera modificación da resolución definitiva ditarase outra resolución motivada que lle será notificada á entidade interesada.

b. A distribución dos usos para adestramento non faculta á entidade para poder realizar unha competición deportiva dentro dos días e horarios asignados. No caso de que se teña que realizar unha competición deportiva deberá solicitalo con antelación suficiente ante o Servizo Municipal de Deportes presentando unha solicitude por rexistro.

c. Os usos concedidos estenderanse desde o **1 de setembro de 2021** (ou data da resolución, se esta fose posterior) ao **30 de xuño de 2022 e para os campos de fútbol municipais será do 1 de setembro (ou data da resolución, se esta fose posterior) de 2021 ao 31 de maio de 2022**. Exclúense as seguintes datas: do 24 de decembro ao 6 de xaneiro, ambos incluídos, Semana Santa, e os meses de xullo e agosto; con excepción dos calendarios oficiais de competición. Os interesados que precisasen usos nestes períodos excluídos deberán solicitar tales usos, de xeito expreso e xustificado, por rexistro de entrada e coa debida antelación; as solicitudes poderán ser desestimadas de xeito motivado. No caso de que varias entidades pidan o mesmo, aplicaranse os criterios de preferencia previstos nas presentes bases.

d. Cando o beneficiario resultase ser unha asociación representativa doutras entidades, na repartición de tales usos entre os seus asociados deberá darlle preferencia a aquelas instalacións que están a pedir e, en igualdade de condicións, primarase o asociado que teña un maior número de deportistas en activo. Intentarase primar, sempre que sexa posible e en coordinación coa asociación, a proximidade da instalación á sede do asociado.



e. Os usos das instalacións deportivas farase nas condicións fixadas pola presente convocatoria e a resolución da mesma, así como nas normas establecidas para o uso das instalacións deportivas que se achegan a estas Bases como Anexos.

En consecuencia, calquera uso diferente ao concedido ou a modificación deste deberá ser formalmente solicitado pola entidade interesada, e o Concelleiro delegado competente resolverao.

f. Os adxudicatarios obríganse a utilizar as instalacións nos termos que lle foron concedidos. No caso de que non poidan utilizar a instalación de forma temporal deberán comunicalo ante o Servizo Municipal de Deportes o cal estará facultado para ofertar as horas que non se van usar de forma libre.

A comunicación do cese temporal do uso das instalacións deportivas deberá facerse cunha antelación mínima de 2 días hábiles. Dita comunicación deberá facerse por rexistro de entrada do Servizo Municipal de Deportes (C.D. Torre, P. Barrios da Flores ou C.D. Riazor), indicando no asunto o cesamento do uso das instalacións, o período de tempo e o motivo.

No caso de que non se realice esta comunicación, o Servizo Municipal de Deportes poderá considerar que non se está a utilizar a instalación sen causa xustificada e poderá ditar unha resolución onde a dita entidade perda o dereito ao uso da dita instalación.

A realización de competicións fora da cidade que coincidan coas horas de uso serán causa xustificada para a non utilización sempre e cando se comuniquen coa antelación suficiente ante o Servizo Municipal de Deportes.

g. O Servizo Municipal de Deportes levará un control exhaustivo do uso das instalacións deportivas municipais por parte das entidades que o teñen concedido. Dito control realizarase polo persoal de conserxería de cada instalación e será anotado no programa informático de xestión de accesos do Servizo Municipal de Deportes.

No caso de que se produza infrautilización das instalacións por parte das entidades sen causa xustificada informaráselle desta circunstancia á Concellaría de Deportes que ditará unha resolución pola que a dita entidade perderá o dereito ao uso da instalación nesas horas infrautilizadas durante o que resta de tempada.

Considerarase que existe infrautilización dunha instalación nos seguintes casos:

- No caso de deportistas individuais: cando o deportista e adestrador/a falten aos adestramentos na instalación 5 días sen xustificación.
- No caso de equipos, cando se de calquera das seguintes circunstancias:
 - a. Que o equipo e adestrador/es falten aos adestramentos na instalación 5 días sen xustificación.
 - b. Que non acuda ao adestramento o 60% do equipo sen causa xustificada.

En ningún caso se permitirá que solicite unha instalación deportiva un equipo que posteriormente non veña a adestrar como tal, senón que se faga de forma individual por



parte dos/as xogadores/as. Isto será considerado un caso de infrautilización da instalación e dará lugar á perda do dereito a desfrutar da instalación nesas horas para o resto da tempada.

h. A entidade non poderá transferir -total ou parcialmente- a terceiros alleos á mesma os usos concedidos nin desenvolver unha actividade distinta á que describiu na súa solicitude de participación na presente convocatoria; salvo que para isto último conte con autorización expresa do Concello.

i. As entidades só poderán percibir retribución pola entrada de espectadores os días de competición. Non estará permitida a venda de mercadorías, *merchandising*, nin calquera outro tipo de transacción económica ou comercial. Se se detectase que se percibiron retribucións por tales actividades incoaráselle o correspondente expediente contradictorio por incumprimento de condicións.

j. En relación co anterior, o control de accesos levarase a cabo con persoal municipal, quedando terminantemente prohibido que ningún membro da entidade beneficiaria do uso dea ordes ao devandito persoal; agás nas competicións, nas que o control de accesos se realizará por persoal designado pola entidade, baixo a supervisión municipal. No caso de que se prevea para un determinado partido unha afluencia de público especial ou calquera outra circunstancia extraordinaria, a entidade comunicarao por escrito ao Servizo de Deportes cunha antelación de dous días para que se poidan adoptar as medidas pertinentes; de non facelo así a entidade beneficiaria asumirá todas as consecuencias que se poidan derivar da falta de comunicación. Así mesmo se pola importancia do evento fose necesario, segundo informe motivado do técnico municipal responsable da instalación, establecer uns servizos de vixilancia ou doutro tipo necesarios para garantir a boa orde do evento en si, a entidade solicitante deberá sufragar o custo dos mesmos. Con todo, tales servizos deberán axustarse ao protocolo de funcionamento das instalacións deportivas para espectáculos deportivos e ao disposto pola Lei de espectáculos e actividades recreativas de Galicia.

k. É obrigatoria a asistencia do adestrador, delegado ou directivo, maior de idade, durante o desenvolvemento do adestramento, uso das salas, ximnasios e no uso dos vestiarios. En ningún caso poderá delegarse nun xogador ou nun terceiro alleo ou non á entidade.

l. Os datos constarán na solicitude; en caso de cambios deben comunicalo ao Servizo Municipal de Deportes.

m. As entidades beneficiarias asumirán os danos que se ocasionen a terceiros ou aos propios bens municipais con motivo da devandita utilización da instalación deportiva.

n. Todas as persoas usuarias das actividades desenvolvidas polas entidades beneficiarias deberán ter garantida a asistencia sanitaria polo que deberán presentar ante a Concellaría de Deportes, xunto coa súa solicitude, un seguro de accidentes con cobertura sanitaria ou no seu caso, a xustificación de que se conta con licenza federativa.

No suposto de que non se presente esta documentación perderase o dereito ao uso da instalación mediante resolución motivada.



ñ. As entidades ás que se lle conceda o uso da pista de atletismo de Elviña, do campo de herba natural do Estadio de Elviña da UDC e do pavillón da Normal deberán achegar tamén por rexistro, nos 10 días hábiles seguintes á publicación da resolución o formulario oficial (anexo I) cos datos solicitados pola UDC debidamente cumprimentados.

o. As entidades ás que se lles asignen usos deberán:

- Facilitar a colaboración de xogadores/as e/ou técnicos para actos puntuais de promoción deportiva ou eventos deportivos, que lles sexa solicitada polo Servizo Municipal de Deportes motivada por interese de cidade.
- Prestar a colaboración organizativa posible en todos aqueles actos dentro do ámbito da súa propia competencia que sexan organizados en exclusiva polo Concello da Coruña.
- O palco de presidencia de todas aquelas instalacións deportivas obxecto da presente convocatoria será presidido pola alcaldesa da cidade da Coruña ou persoa en quen delegue, que poderá cursar as invitacións oportunas ata un máximo do 50% da súa capacidade, correspondendo o resto á entidade beneficiaria do uso da devandita instalación.
- Indicar en toda a publicidade da entidade o logo do Concello da Coruña e colocar publicidade do Concello durante a celebración dos seus eventos deportivos. A publicidade do concello será a predominante a nivel institucional.
- **Limitarse unicamente á exhibición da publicidade dos seus patrocinadores durante o desenvolvemento da competición, sendo da súa conta e risco, a colocación, retirada e almacenamento dos elementos e soportes que usen para iso. Os elementos publicitarios deben ser desmontables. No caso de que se deteriore a instalación instalando este tipo de elementos deberase reparar a instalación a cargo do club ou entidade.**

11. EFECTOS DO INCUMPRIMENTO DAS CONDICIÓNS DOS USOS

Constatado documentalmente o incumprimento de calquera das condicións de uso da instalación, trasladaráselle por escrito á entidade beneficiaria para que formule as alegacións e presente as probas correspondentes en defensa das súas pretensións; instruído o correspondente procedemento, dítase a resolución administrativa que corresponda.

No suposto de non serlle imputable á entidade darase orde de arquivo, e no caso de existir responsabilidade da entidade resolverase con:

- 11.1. Apercibimento á entidade se non ten precedente algún na condición incumplida.
- 11.2. Revogación do uso concedido. No caso de que o incumprimento se refira á non utilización ou infrautilización da instalación a revogación limitarase a esa hora e día da semana que non está utilizando.

Todo iso sen prexuízo de que provisionalmente se suspenda o uso durante a tramitación do correspondente procedemento.

DISPOSICIÓN ADICIONAL PRIMEIRA. Réxime de outorgamento de usos das instalacións, á marxe da presente convocatoria.



1. Ao longo de todo o período da presente convocatoria calquera entidade que reúna os requisitos subxectivos e obxectivos indicados na mesma, poderá solicitar a ocupación daqueles horarios que se atopen libres polo que resta de tempada.

2. A solicitude, de acordo co modelo establecido na páxina web www.coruna.gal/deportes, presentárase preferentemente a través de vía electrónica ou ben nos Rexistros de Entrada das instalacións deportivas municipais: C.D. Riazor, Polideportivo Bº das Flores, C.D. A Torre ou en calquera das oficinas do Rexistro Xeral de Entrada de Documentos do Concello, e deberá facer constar unha dirección de correo electrónico para a recepción de notificacións telemáticas, conforme ao disposto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das Administracións Públicas. Unha vez admitida a trámite pola concellaría, solicitarase informe preceptivo aos responsables técnicos da/s instalación/s afectadas sobre se hai horario dispoñible, as condicións nas que se ten que conceder a ocupación e as posibles alternativas no caso de que non se poida atender integramente a petición; así como tamén a acreditación de que a solicitude cumpre cos requisitos expostos na presente convocatoria.

Posteriormente enviarase un correo electrónico á entidade para comunicarllo, solicitando o envío da póliza de responsabilidade civil ou solicitude de seguro para a actividade que motiva o uso. De non recibirse en prazo de 5 días hábiles, non procede a concesión e archivarase a solicitude sen máis trámite. Con todo, daráselle audiencia ao solicitante, cando fora legalmente preceptivo.

Recibida dita póliza, resolverase expresamente pola concellaría delegada e notificaráselle ao interesado. Publicaranse mensualmente este tipo de resolucións do mesmo xeito que a primeira resolución da presente convocatoria.

DISPOSICIÓN ADICIONAL SEGUNDA. Condicións específicas para acceder á pista de atletismo de Elviña e campo de herba natural Estadio de Elviña da UDC.

- I. Os deportistas que accedan deberán estar en posesión de licencia federativa en vigor ou dispoñer dun seguro de accidentes deportivos específico. Ademais deberá acreditarse que toman parte, de xeito regular, nas competicións oficiais convocadas polas respectivas federacións deportivas, nas modalidades de atletismo (pista e saltos), fútbol e rugby.
- II. Os deportistas menores de idade, encadrados na modalidade de escola deportiva ou de promoción así como os participantes aspirantes ou en período de proba, dispoñerán igualmente de licencia federativa en vigor ou, no seu caso, de seguro de accidentes deportivos específico.
- III. Os supostos de deportistas pertencentes a clubs, entidades e/ou agrupacións deportivas que non toman parte das modalidades de pista e o fagan noutras especialidades atléticas ou deportivas, serán tratados de xeito individualizado, previa solicitude motivada do club, entidade ou agrupación deportiva afectada.
- IV. Os deportistas que utilicen as instalacións da UDC deberán atender a Normativa de uso das instalacións deportivas, Escolas Deportivas Municipais e outras actividades aprobadas en Xunta de Goberno Local o 20 de xullo de 2007 e a fixada pola propia UDC.



DISPOSICIÓN ADICIONAL TERCEIRA. Reserva de espazos para centros formativos privados e outras entidades suxeitas á Ordenanza Fiscal número 15, reguladora da taxa pola prestación de servizos nas instalacións deportivas municipais.

Os centros formativos privados e outras entidades (públicas ou privadas) que, aínda que están suxeitos ao pago das taxas previstas na devandita Ordenanza Fiscal, veñen utilizando as instalacións deportivas en base a unha programación ou calendario en réxime de continuidade, presentarán as súas solicitudes no prazo indicado na presente convocatoria, e serán obxecto de resolución conxuntamente con esta.

Unha vez publicada a resolución definitiva, abonarán as taxas correspondentes previamente a facer uso dos espazos concedidos e, polo menos, o último día hábil do mes anterior. A falta de pago das taxas suporá perder a reserva dos usos do mes seguinte, quedando suxeitos ao réxime xeral de aluguer de instalacións deportivas.

DISPOSICIÓN ADICIONAL CUARTA. Uso das instalacións deportivas na fin de semana.

- I. O uso das instalacións deportivas municipais obxecto da presente convocatoria quedarán reservadas ás fins de semana para as competicións deportivas, salvo determinadas instalacións onde se ofertan horas en sábado e domingo. A salvo de que de xeito excepcional e motivado se destinen para outros usos.
- II. Para acceder ao uso dunha instalación deportiva con fins competitivos deberá ser solicitada ao menos cunha semana de antelación pola federación correspondente de cada disciplina deportiva ou no seu caso do club por delegación da primeira. En dita solicitude será obrigatorio achegar o calendario oficial de competicións ou no seu defecto documento federativo acreditativo da data e hora para o uso de competición. Calquera solicitude enviada despois dese prazo non será atendida. A aplicación deste punto queda en suspenso para a Federación Galega de Fútbol no referente aos Campos de Fútbol de San Pedro de Visma; xa que hai un convenio regulador entre ambas institucións para ese tipo de usos na devandita instalación.
- III. Naqueles casos onde haxa unha coincidencia de solicitudes de horas e instalación, resolverase seguindo o seguinte orde de preferencia:
 1. Que un dos clubs como mínimo sexa unha entidade con sede social na cidade da Coruña.
 2. O nivel de competición.
 3. Se estivesen ao mesmo nivel, daráselle preferencia ao club locatario de maior antigüidade de fundación.

DISPOSICIÓN FINAL. Réxime xeral de aluguer de instalacións deportivas.

As persoas, físicas ou xurídicas que desexen alugar algunha instalación deportiva dispoñible, poderán facelo para un período que non exceda dun mes natural, e abonar as taxas correspondentes no seu caso, a partir do último luns hábil do mes anterior no Rexistro de Entrada do Servizo Municipal de Deportes sito nas instalacións do Palacio dos Deportes



de Riazor ata as 10.00 horas da mañá, e a partir da mesma en calquera dos Rexistros das outras instalacións deportivas municipais (C.D. Torre e Pº Barrio das Flores).

En liña co anterior, o aluguer puntual inferior a un mes dunha instalación deportiva dispoñible poderá facerse calquera día do mes en curso ao que se refira, abonando as taxas correspondentes.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA UNICA

No suposto de que o día 1 de setembro de 2021 non houberse resolución definitiva da distribución de uso das instalacións, as entidades que participen na presente convocatoria manterán con carácter provisional os horarios de uso concedidos na actualidade ata que se dite a resolución definitiva da nova distribución das instalacións.

A resolución da presente convocatoria levará consigo a revogación de calquera ocupación de instalación ou concesión de patrocinio que sexa contraria á mesma.

O uso das instalacións deportivas municipais estará condicionado ao cumprimento dos protocolos Covid-19 aprobados polo Concello da Coruña e por cada unha das Federacións deportivas.